

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR DO TREITO FINAL DA ESTRADA PO-264 (P.Q. 2+270 -P.Q. 3+570), XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, na súa condición de alcalde do Concello de Soutomaior, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O día 15 de decembro de 2025, o Concello de Soutomaior e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas asinaron un acordo para o cambio de titularidade, a prol do Concello, dun treito da estrada autonómica PO-264 (Paredes (N-550)-Arcade (N-550)).

O treito afectado sitúase entre os puntos quilométricos 2+270 e 3+570. Presenta categoría funcional de rede local, non forma parte de ningún itinerario entre núcleos ou centros de actividade relevantes, e carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia.

Mediante o Decreto 124/2025, do 22 de decembro, (DOG núm. 252 do 31 de decembro de 2025), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Soutomaior do treito final da estrada PO-264, xunto co seu dominio público viario.

De acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 124/2025 a entrega dos bens formalizarase no



prazo dos tres meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación do cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Soutomaior do treito final da estrada PO-264, xunto co seu dominio público viario, conforme os seguintes datos

Nº	Transferencia	Inicio	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Final	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Lonx. (m)	Superf. DPV (m²)
1	Treito final da PO-264	P.Q. 2+270 da PO-264	X= 532.339 Y= 4.688.089	P.Q. 3+570 da PO-264	X= 532.403 Y= 4.686.842	1.301	19.010


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez


O alcalde do Concello de Soutomaior, Manuel Antonio Lourenzo Sobral


ANEXO I . PLANOS





As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: b4soG2mJgA11 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve





As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: b4soG2mJgA11 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Asinado por: LOURENZO SOBRAL, MANUEL ANTONIO
Cargo: Alcalde Concello de Soutomaior (CONCELLO DE SOUTOMAIOR)
Data e hora: 26/01/2026 13:34:07
CVE: b4soG2nJgA11 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

